



Medios e políticos, baixo sospeita 1990-2023

Luís Álvarez Pousa, Ed. Laivento

Edicións Laivento agasállanos neste mes das Letras cun libro no que o xornalista e profesor Luís Álvarez Pousa revisa, analiza e denuncia o papel dos medios de comunicación na sociedade e a utilización espuria que fan deles os poderes políticos.

Cun marco histórico que abrangue as tres últimas décadas e un ámbito territorial centrado en Galicia pero inserido nas dinámicas estatais e mesmo globais, o autor indaga con rigor intelectual e documental na mediación condicionada e condicionante («baixo sospeita») que se produciu durante todo este período entre «medios e políticos». Unha pescuda crítica que se apoia a miúdo en feitos e informacións construídas para consumidores anestesiados e que o autor

utiliza para desvelar as teas de araña e as forzas escuras que hai detrás delas.

A revisión organízase en catro períodos (1990-2004, 2005-2010, 2011-2017 e 2018-2023) atendendo a certos acontecementos políticos ou mediáticos, pero o fío discursivo ten continuidade ao longo de todo o ensaio e defínese ben na capa da publicación: «A industria da información ten en Internet o aliado perfecto contra o que nun pasado recente facía dos medios de comunicación un contrapoder ao servizo da verdade (...) En medio dese 'tsunami', os medios tradicionais e o xornalismo son ao tempo vítimas –desactivan a súa función política de intermediarios– e cómplices –réndense ao sensacionalismo e deixan de preocuparse por interpretar o mundo».